

## ANUNCIO

O día 07-05-2026 ditouse a seguinte a resolución con número 258/2026:

### “RESOLUCIÓN

**EXPEDIENTE:** LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE (PEL 2026)

EXPEDIENTE: 2026/E001/000004

### ANTECEDENTES:

Logo de ver as “BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL-CONCELLOS 2026 (BOP NÚM. 197 DO 15 DE OUTUBRO DE 2025)” aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/04/2026.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía nº 252/2026 de data 29/04/2026 e asunto: “LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS (PEL 2026)”, polo que se concede ao aspirante excluído provisionalmente un prazo de 5 días naturais para corrección, contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos na sede electrónica.

Logo de ver a certificación do Rexistro Xeral de entradas e saídas do Concello de Melide de data 05/05/2026, no que se di: “En relación á listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as para a selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 4 prazas de peóns de obra e servizos mínimos (PEL 2026), na que se concede un prazo de 5 días naturais para corrección, a contar a partir do día seguinte a aquel en que se publique na sede electrónica do Concello de Melide, publicada o 29 de abril de 2026. Exp. 2026/G003/000278.

O prazo de presentación de reclamacións foi desde o 30 de abril ao 4 de maio de 2026.

Logo de consultar os Rexistros municipais, CERTIFICO que salvo erro ou omisión involuntaria, **non foi recibida documentación nos Rexistros deste Concello** ou a través do procedemento previsto no art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos/a e excluído para as probas que darán lugar a devandita contratación.

### ADMITIDOS/A:

NOME	DNI/OUTROS
L. L., LUIS	***8352**
C. L., ANTONIO	***8666**
S. V., FERNANDO	***1970**
Q. S., ALFONSO	***7354**
T. L., MANUEL	***8087**
G. M., MÓNICA	***7844**

**EXCLUÍDO:**

NOME	DNI/OUTROS	CAUSA DE EXCLUSIÓN
S. V., ANTÓN	***9967**	Non presenta solicitude en prazo: presenta instancia xunto coa documentación o día 11/04/2026 ás 01:14:37 h (RE 202699900000558), fóra do prazo concedido de 5 días naturais contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación do anuncio no periódico El Correo Gallego o 05/04/2026

**SEGUNDO:** Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal e, en concreto, o seu apartado 3 que se refire á regulación do tribunal ou comisión seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- **PRESIDENTE:** Juan Carlos Curros Vázquez (conserxe, Concello de Melide). Suplente: Javier Anido Vázquez (técnico de xestión económico financeira, Concello de Melide).
- **SECRETARIO/A:** María José Enjamio Vázquez (auxiliar administrativa, Concello de Melide). Suplente: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide).
- **VOGAIS:**
  - Juan Manuel Cardelle Segade (ordenanza, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> Jesús Sande Vázquez (Directora escola infantil, Concello de Melide)
  - M.<sup>a</sup> del Carmen Villarabide Prado (mestra escola infantil, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> José Ferro Gómez (técnica de orientación laboral, Concello de Melide).
  - Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide). Suplente: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa de Lalín).

Os/as aspirantes deberán presentarse en chamamento único o **martes 12 de maio de 2026 ás 10:00 horas na nave de obras sito no recinto feiral do Concello de Melide.**

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da casa do Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 7 de maio de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García."

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, xoves 7 de maio de 2026. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.



Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)  
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203  
[www.concellodemelide.gal](http://www.concellodemelide.gal)

CVD: EsKDOT4kdw2YghMEWXQI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.concellodemelide.gal/>